



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfppe@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



**Circular 9/2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**



## ÍNDICE

<b>1.- Introducción .....</b>	<b>3</b>
<b>2.- Aplicación .....</b>	<b>4</b>
<b>3.- Grado elemental .....</b>	<b>4</b>
<b>3.1.- Materias e tempos lectivos .....</b>	<b>4</b>
<b>3.2.- Equivalencias .....</b>	<b>5</b>
<b>3.3.- Recuperación de materias pendentes .....</b>	<b>6</b>
<b>4.- Grao profesional .....</b>	<b>7</b>
<b>4.1.- Materias .....</b>	<b>7</b>
<b>4.2.- Accesos .....</b>	<b>9</b>
<b>4.3.- Equivalencias .....</b>	<b>11</b>
<b>4.4.- Incorporación de materias ao novo         plan de estudos .....</b>	<b>12</b>
<b>5.- Prácticas de profesorado .....</b>	<b>13</b>



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



## **1.- Introducción.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no capítulo VI do título I as ensinanzas artísticas de réxime especial, e establece no artigo 45 que son ensinanzas artísticas as ensinanzas elementais de música así como as ensinanzas artísticas profesionais.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no precitado capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas, cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, fixa o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e dispón, no capítulo VII, artigo 20, que no ano escolar 2007-2008 se implantarán, con carácter xeral, as ensinanzas elementais de música así como os catro primeiros cursos das ensinanzas profesionais de música quedando extinguidos os dous primeiros ciclos das ensinanzas do grao medio vixente ata ese momento. Asemade, no ano académico 2008-2009 implantaranse os cursos quintos e sexto das ensinanzas profesionais de música e quedará extinguido o terceiro ciclo das ensinanzas do grao medio vixentes ata ese momento.

Tendo en conta que na actualidade está en proceso de tramitación o novo decreto que establece a ordenación das ensinanzas de música de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, e considerando



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



asemade a necesidade de lle proporcionar información ao alumnado sobre os aspectos máis salientables da nova ordenación destas ensinanzas para o curso 2007-2008,

Esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

## **2.- Aplicación.**

As seguintes instrucións serán de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios de música e nos centros autorizados de música que contén coa autorización para a impartición do grado elemental e profesional de música.

## **3.- Grao elemental.**

O grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música promoverá a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

### **3.1.- Materias e tempos lectivos.**

As ensinanzas elementais de música organízanse nas materias seguintes:

1. Materias comúns a todas as especialidades:

- a) Linguaxe musical.
- b) Educación auditiva e vocal.

2. Materia específica de cada especialidade:

Instrumento.



<b>MATERIAS GRAO ELEMENTAL</b>	
<b>1º, 2º, 3º e 4º CURSO</b>	
<b>Linguaxe Musical</b>	<b>2 horas semanais</b>
<b>Instrumento</b>	<b>1 hora semanal</b>
<b>Educación auditiva e vocal</b>	<b>1 hora semanal</b>
<b>(distribuida en dous periodos lectivos de media hora a continuación da materia de linguaxe musical)</b>	

### **3.2.- Equivalencias.**

As equivalencias entre as ensinanzas do grao elemental e as establecidas polo Real decreto 756/1992, do 26 de xuño, son as seguintes:

<i>Ensinanzas de grao elemental</i>	<i>Ensinanzas reguladas polo Real decreto 756/1992, do 26 de xuño</i>
1º curso do grao elemental	1º curso do grao elemental
2º curso do grao elemental	2º curso do grao elemental
3º curso do grao elemental	3º curso do grao elemental
4º curso do grao elemental	4º curso do grao elemental

A equivalencia das materias do grao elemental dispostas no Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establecen os currículos do grao



elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos devanditos graos, con distinta denominación ás establecidas no presente decreto son as seguintes:

<i>Ensinanzas de grao elemental</i>	<i>Ensinanzas reguladas polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo</i>
Educación auditiva e vocal 1º	Música activa
Educación auditiva e vocal 2º	Coro 2º
Educación auditiva e vocal 3º	Coro 3º
Educación auditiva e vocal 4º	Audicións comentadas

### **3.3.- Recuperación de materias pendentes.**

Cando o alumnado teña pendente do curso anterior a materia de música activa, coro ou audicións comentadas, poderá recuperar ditas materias pendentes incorporándose á materia de educación auditiva e vocal do curso correspondente.

Igualmente, poderán recuperar ditas materias pendentes a través dunha proba extraordinaria que establecerá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que se celebrará na segunda quincena do mes de febreiro do 2008. Os centros educativos farán públicos os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias antes referidas ao comezo do curso 2007-2008 e facilitarán a formación necesaria ao alumnado coas materias pendentes.



#### **4.- Grao profesional.**

As ensinanzas profesionais de música, teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A finalidade das ensinanzas profesionais de música ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A ensinanza da música no grao profesional organízase nun grao de seis cursos de duración.

##### **4.1.- Materias.**

As ensinanzas profesionais de música organízanse nas materias seguintes:

1. Materias comúns ás especialidades instrumentais:

- c) Instrumento.
- d) Linguaxe musical.
- e) Harmonía.
- f) Análise.
- g) Historia da música.
- h) Novas tecnoloxías aplicadas á música.

2. Materias propias das especialidades instrumentais:

- a) Música de cámara: nas especialidades de acordeón, arpa, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, frauta de bico, frauta traveseira, guitarra, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, óboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, viola da gamba, violín e violoncello.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- b) Orquestra: nas especialidades de arpa, clarinete, contrabaixo, fagot, frauta traveseira, óboe, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violoncello.
  - c) Banda: nas especialidades de clarinete, contrabaixo, fagot, frauta traveseira, óboe, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta e tuba.
  - d) Conxunto: nas especialidades de acordeón, arpa, baixo eléctrico, contrabaixo, clarinete, clave, fagot, frauta de bico, frauta traveseira, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, óboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín, violoncello e viola da gamba.
  - e) Coro: nas especialidades de acordeón, baixo eléctrico, clave, frauta de bico, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, órgano, piano, e viola da gamba.
  - f) Repentización e acompañamento: nas especialidades de acordeón, baixo eléctrico, clave, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, órgano e piano.
  - g) Piano complementario: nas especialidades de arpa, baixo eléctrico, clarinete, contrabaixo, fagot, frauta de bico, frauta traveseira, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos de puga, óboe, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín, violoncello e viola da gamba.
3. Materias comúns á especialidade de canto.
- a) Instrumento.
  - b) Linguaxe musical.
  - c) Harmonía.
  - d) Análise.
  - e) Historia da música.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfpee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



#### 4. Materias propias da especialidade de canto.

- a) Idiomas aplicados ao canto.
- b) Piano complementario.
- c) Coro.
- d) Música de cámara.

#### 4.2.- Accesos.

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

As probas que deberá realizar o aspirante ou a aspirante para os diferentes cursos son as seguintes:

##### **Acceso a 2º e 3º do grao profesional:**

- a) Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das que, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

O tribunal de acceso ao 2º e 3º curso do grao profesional estará constituído por tres profesores ou profesoras do centro nomeados polo director ou directora deste, figurando, alomenos, un profesor ou profesora de linguaxe musical e outro da especialidade instrumental correspondente.

A puntuación definitiva da proba citada no apartado anterior será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfppe@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



### **Acceso a 4º do grao profesional:**

- a) Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das que, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos da linguaxe musical. Exercicio armónico-contrapuntístico correspondente ao nivel de 3º do grao profesional. Exercicio de piano complementario correspondente ao nivel de 1º curso desta materia. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

O tribunal de acceso ao 4º curso do grao profesional estará constituído por cinco profesores ou profesoras do centro nomeados polo director ou directora deste, figurando o seguinte profesorado:

- Dous Profesores ou profesoras da especialidade instrumental correspondente.
- 1 Profesor ou profesora de linguaxe musical.
- 1 Profesor ou profesora de harmonía.
- 1 Profesor ou profesora de piano complementario.

A puntuación definitiva da proba citada no apartado anterior será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

### **Acceso a 5º e 6º do grao medio:**

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, dispón no capítulo VII, artigo 20, que no ano escolar 2007-2008 se implantarán, con carácter xeral, as ensinanzas elementais de música así como os catro primeiros cursos das



ensinanzas profesionais de música quedando extinguidos os dous primeiros ciclos das ensinanzas do grao medio vixente ata ese momento.

En relación ao punto anterior, o alumnado que desexe acceder a 5º ou 6º do grao medio Loxse regulado polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establecen os currículos do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos devanditos graos, deberá axustarse ao recollido na Orde do 5 de febreiro de 2001 pola que se regulan as probas de acceso ao grao medio das ensinanzas de música.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fora convocada.

#### **4.3.- Equivalencias.**

Sen prexuízo das equivalencias reguladas no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se fixa o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando un alumno ou unha alumna non superaran dúas ou máis materias do curso que estean a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporaranse ao mesmo curso das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que deberán realizar completo.

Así mesmo, cando un alumno ou unha alumna teñan cualificación negativa nunha materia do curso que estean a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporaranse ao curso seguinte das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



#### **4.4.- Incorporacións de materias ao novo plan de estudos.**

##### **Piano complementario.**

Para o alumnado que cursou a materia de piano complementario polo plan de estudos Loxse seranlle de aplicación as seguintes validacións:

<i>Piano complementario Loxse</i>	<i>Valida con Piano complementario LOE</i>
1º do grao medio	3º do grao profesional
2º do grao medio	4º do grao profesional
3º do grao medio	5º do grao profesional
4º do grao medio	6º do grao profesional

##### **Historia da música.**

O alumnado que durante o curso 2007-2008 curse o 5º do grao medio Loxse só realizará un ano da materia de historia da música, xa que no curso 2008-2009 incorporárase ao novo plan de estudos LOE.

A tal fin, o profesorado que para o curso 2007-2008 imparta esta materia deberá realizar unha adaptación curricular para todo aquel alumnado que realice o 5º curso do grao medio Loxse.



## **5.- Prácticas de profesorado do alumnado de Pedagogía da linguaxe e da educación musical dos conservatorios superiores.**

O alumnado que curse terceiro ou cuarto curso do grado superior da especialidade de Pedagogía da linguaxe e da educación musical deberá realizar as prácticas de profesorado nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo total de créditos correspondentes ao curso no que estea matriculado.

Para realizar ditas prácticas, o alumnado solicitará, por escrito no mes de setembro e ante a dirección do centro no que desexa realizar as prácticas, a admisión como alumno/a en prácticas do departamento de Linguaxe musical, utilizando o modelo de formulario que figura no Anexo I a esta circular, e adxuntando unha copia do resguardo da matrícula no CSMUS.

As prácticas realizaranse ao longo de todo o curso académico cunha duración de 60 horas por curso (6 créditos).

As prácticas estarán coordinadas polo xefe do departamento de Linguaxe musical do conservatorio profesional, que realizará as funcións de titor de prácticas e se encargará da organización e seguimento das mesmas. As prácticas seranlle asignadas preferentemente aos profesores funcionarios de carreira pertencentes á especialidade de Linguaxe musical que previamente mostrasen a súa dispoñibilidade para aceptar alumnado en prácticas.

A tal fin, os conservatorios profesionais de música deberán remitir aos conservatorios superiores de música na primeira quincena do mes de setembro, a relación do profesorado dispoñible para a organización e seguimentos das prácticas de profesorado.

A certificación da realización das prácticas corresponderalle ao xefe/a do departamento de Linguaxe musical, á vista do informe elaborado polo profesor/a titor/a, utilizando o modelo de formulario que figura nos anexos II e III.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



A cualificación final das prácticas corresponderalle ao xefe do departamento de Pedagogía da linguaxe e da educación musical do conservatorio superior no que estea matriculado o/a alumno/a, vista a certificación remitida polo conservatorio profesional, e logo de valorar a correspondente memoria das prácticas. O alumnado deberá entregar dita memoria ao xefe deste departamento ao remate do curso académico.

A memoria deberá recoller, como mínimo, a descrición das actividades realizadas no periodo de prácticas así como quince unidades didácticas dunha materia relativa a un curso académico relacionada coa especialidade motivo das prácticas.

As prácticas poderán ser validadas no caso de que o alumnado acredite que desenvolveu a función docente na especialidade obxecto das prácticas nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por un período mínimo dun curso académico. Correspóndelle á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, resolver ditas validacións, que deberán ser tramitadas polo conservatorio superior de música a petición do interesado.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2007

O director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



## ANEXO I

Don/dona \_\_\_\_\_, con D.N.I  
\_\_\_\_\_, matriculado no curso 20\_\_/20\_\_, na especialidade de  
Pedagogía da Linguaxe e da educación musical no Conservatorio Superior de  
música de \_\_\_\_\_, solicita ser admitido/a como alumno/a en  
prácticas no Conservatorio Profesional de música de  
\_\_\_\_\_, durante o curso 20\_\_/20\_\_, no que realizará un  
total de 6 créditos por curso.

Para que así conste aos efectos oportunos, firmo a presente solicitude en  
\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_.

Firma

A/A do Sr./a Director/a do Conservatorio Profesional.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
 Dirección Xeral de Formación Profesional  
 e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
 San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
 15781 Santiago de Compostela  
 Teléfono: 981 546 562  
 Fax: 981 546 551  
 dxfp@edu.xunta.es  
 www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
 FONDO SOCIAL EUROPEO



## ANEXO II

Don/dona \_\_\_\_\_, xefe/a do

Departamento de Linguaxe Musical do Conservatorio profesional de música

de \_\_\_\_\_, informa que o/a alumno/a

\_\_\_\_\_ realizou con aproveitamento as prácticas de

profesorado para o \_\_\_\_\_ curso da especialidade de Pedagogía da

linguaxe e da educación musical por un total de seis créditos, respondendo

positivamente/negativamente a todas as indicacións do profesor/a titor/a.

Para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_.

Asdo.:

Asdo.:

VºBº do/a Director/a

O xefe/a do departamento

A/A do Xefe/a do Departamento de Pedagogía da Linguaxe e da Educación Musical  
 do Conservatorio Superior.





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Dirección Xeral de Formación Profesional  
 e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
 San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
 15781 Santiago de Compostela  
 Teléfono: 981 546 562  
 Fax: 981 546 551  
 dxfpe@edu.xunta.es  
 www.edu.xunta.es



### ANEXO III

Don/dona \_\_\_\_\_, xefe/a do

Departamento de Linguaxe Musical do Conservatorio profesional de música

de \_\_\_\_\_, informa que o/a alumno/a

\_\_\_\_\_, matriculado no \_\_\_\_\_ curso da

especialidade de Pedagogía da linguaxe e da educación musical no CSMUS

de \_\_\_\_\_, NON ACADOU OS OBXECTIVOS PREVISTOS na realización

das prácticas de profesorado realizadas neste conservatorio durante o curso

escolar 20\_\_ 20\_\_.

Para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_.


Asdo.:

Asdo.:

VºBº do/a Director/a

O xefe/a do departamento

A/A do Xefe/a do Departamento de Pedagogía da Linguaxe e da Educación Musical do Conservatorio Superior.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 – Santiago de Compostela  
Tlf.: 981544400 Fax: 981546551

Ref.: AVV/gff

*A Circular 9/2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, dispón, no punto 3.1, as materias a impartir no grao elemental das ensinanzas de música e a súa distribución.*

Atendendo a numerosas consultas realizadas perante esta dirección xeral, compre dictar as seguintes instrucións:

En relación á organización académica da materia de educación Auditiva e Vogal, recollida no punto 3.1 da mencionada circular, a posibilidade de distribuír a carga lectiva da mesma en dous períodos de media hora unidos á clase de Linguaxe Musical, ou nun só período dunha hora de duración, quedará a criterio do equipo directivo do centro.

Santiago de Compostela, a 24 de setembro de 2007

O Director Xeral de formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Antón Vázquez Vázquez